



Concello de Cervantes

Resolución de alcaldía

Procedemento: CONTRATACIÓN TEMPORAL DE UN XEFE DE BRIGADA PARA A DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

EXP: 457/2018

De conformidade co disposto nas bases reguladoras do proceso de selección convocado para a cobertura de un posto de traballo de XEFE DE BRIGADA PARA A DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local, en data 30 de maio de 2018.

RESOLVO

Primeiro.- Tendo en conta que tódolos solicitantes aportaron a documentación mínima esixida nas Bases de convocatoria, declarar como definitiva a seguinte listaxe de aspirantes:

ADMITIDOS:

APELIDOS, NOME	DNI
CASTAÑO ULLOA, CARLOS OMAR	*****521J
CASTRO FERNÁNDEZ, MIGUEL	*****675T

EXCLUÍDOS: Ningún.

Segundo.- Aprobar a composición nominal do Tribunal Cualificador como segue:

- Presidente: D. Oscar Doral García, Técnico de Desenvolvemento Local do Concello de Cervantes.
- Secretaria: D^a. Alejandra D. Fandiño Sánchez, Secretaria do Concello de Cervantes.
- Vogal: D^a . M^a Adelina López Digón, Auxiliar Administrativo do Concello de Cervantes.

Terceiro.- Fixar como data de constitución do Tribunal Cualificador e valoración de méritos o **venres 20 de xuño de 2018** ás 9:15 horas no Salón de Actos do Edificio de Servizos Múltiples do Concello de Cervantes; e **a realización da proba escrita no mesmo lugar, o mesmo día e ás 10:00 horas**, convocando para a realización da mesma aos aspirantes admitidos.

Cuarto.- Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.





Concello de Cervantes

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereito no procedemento selectivo.

Mándao e asínao o sr. alcalde D. Benigno Gómez Tadín, do que eu como secretaria dou fé.

En Cervantes, na data da sinatura electrónica incluída á marxe.

O alcalde – presidente

A secretaria – interventora

Benigno Gómez Tadín

Alejandra D. Fandiño Sánchez

Documento asinado de forma electrónica.

